

DATOS DOS MONTES:

No Concello de Pontevedra, o monte ocupa unha superficie de aproximadamente 6.346,33 Ha, o que supón que arredor do 54 % do territorio do Concello é monte.

Das 6.346,33 Ha, arredor dunhas 3.129,97 Ha pertencen a montes veciñais en man común (un 49,3 % a superficie de monte no Concello de Pontevedra é monte veciñal). A Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra agrupa 12 montes con máis de 2000 Ha de superficie.

A VEXETACIÓN EXISTENTE NOS NOSOS MONTES É:

Mestura de eucalipto e piñeiro: 3407 Ha (53,6%)

Mato e "especies madeireiras" (maioritariamente eucalipto): 2081 Ha (32,8 %)

Mato: 618 Ha (9,7 %)

No ano 2006 arderon 4656 Ha, polo que o Concello de Pontevedra deseñou un programa para contribuír á restauración do monte (Plan Monte Vivo). A superficie de actuación co Plan Monte Vivo foi de 676,38 Ha, coa plantación de de 468.788 novas árbores, entre outras actuacións.



I XORNADAS MONTES VECIÑAIS DE PONTEVEDRA

Pazo da Cultura de Pontevedra

11 e 12 de Xuño de 2010



PROGRAMA DAS XORNADAS:

FOLLA DE INSCRICIÓN:

A vaga de lume do ano 2006 deixou os nosos montes agonizando. A dor que causou nos pontevedreses velos convertidos en borralla, tiña que ter unha resposta por parte do Concello, por eso ideamos e puxemos en marcha Monte Vivo para reforestar unha parte importante das 4.500 hectáreas de monte arrasado en Pontevedra e crear cortalumes naturais que eviten no futuro revivir o drama do pasado. Pero tamén nos serve para recuperar a nosa flora autóctona. Carballos, freixos, bidueiros, pinos... ocupan o lugar que antes poblaban eucaliptos ou acacias. E neso seguimos... con preto de 500.000 árbores plantadas.

Nesta tarefa vós sodes moi importantes, e xornadas como estas, vitais para fomentar o coidado, o cariño polo noso monte, para poñelo en valor, para buscar o seu mellor aproveitamento tanto económico como social, de tal xeito que Pontevedra se sitúe entre os territorios que mellor xestionan o monte.

D. Miguel Anxo Fernández Lores
Alcalde de Pontevedra

A todos os que estamos actualmente inmersos na xestión dun monte comunal, nos preocupa cómo facela sostible nos seus tres aspectos fundamentais: o ecolóxico, o cultural ou uso social do monte e o económico. Para conseguilo, parece claro que apostar pola diversidade de recursos nas actividades a implantar no monte é o camiño máis seguro.

Nestas Xornadas queremos analizar cómo a xestión do medio ambiente e a súa posta en valor nos pode axudar a facer unha xestión sostible e cómo para comunidades de montes periurbanas pode ser determinante.

Juan J. González Crespo.
Presidente da Mancomunidad de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra.

Venres 11 de xuño. Os montes de Pontevedra

11:30 h. Visita Monte Vivo.

Tarde: Xornada técnica do Monte veciñal

Abre o acto o presidente de Mancomunidad de Montes de Pontevedra.

18:00 Inauguración oficial.

Presidente da Mancomunidad de Montes de Pontevedra: D. Juan José González Crespo.

Alcalde de Pontevedra:
D. Miguel Anxo Fernández Lores

18:15 Joaquín Araujo: Acercamento á xestión de montes periurbanos.

19:00 Manuel Fontán. Enxeñeiro de Montes do Concello de Pontevedra. Contido Plan Monte Vivo.

19:30 Laura Nieto: Presentación Plan de Ordenación dos Montes de Pontevedra.

20:00 Celebración X Aniversario Mancomunidad de Pontevedra.

Carlos Morgade: Balance de 10 anos de Mancomunidad. Unha ollada histórica e social. Retos de futuro.

21:00 Foto colectiva dos Comuneiros de Pontevedra.

21:30 Viño galego.

Sábado 12 de xuño: O valor ambiental.

10:00 h. A Rede Española de Custodia do Territorio. Laura Donada.

10:45 h. A experiencia galega na custodia do territorio. Oscar Rivas.

11:30: Pausa – café.

12:00 h. Mesa redonda: A rede social de xestión do territorio.

Coordinador da mesa redonda: Luis Uriarte.

O papel das administracións: Enrique Martínez Chamorro (Xefe do Servizo de Incendios Forestais de Pontevedra - Xunta de Galicia), Miguel Vázquez Plaza (Concelleiro do Rural do Concello de Pontevedra).

O papel das fundacións: Fundación Biodiversidade: Víctor Gutiérrez.

O papel dos colectivos sociais:

- Amigos da terra – As Corcerizas: Xosé Santos

- Asociación Monte Modelo Urbión: Sonia Martel

O papel das comunidades de montes – Antón Vázquez.

Coloquio.

13:30 h. Presentación de conclusións.

13:45 h. Peché Xornadas

I XORNADAS MONTES VECIÑAIS DE PONTEVEDRA

APELIDOS E NOME

ASISTO EN REPRESENTACIÓN DE

Nº DE ASISTENTES AO EVENTO

TELÉFONO DE CONTACTO

Nos pode facer chegar a folha de inscrición a través dos seguintes medios:

- **E-mail:** mma@mundo-r.com

- **Fax:** 986863465

Ou tamén nos pode chamar ao 986 85 14 24 / 698 15 03 87

NOTA: o prazo para inscribirse remata o 09 de xuño de 2010.

